

Para que **GALIZA**

poida

**DECIDIR**





# Para que **GALIZA** poida **DECIDIR**

O nacionalismo galego (BNG) ten, na actual conxuntura política, un reto de suma importancia: conseguir representación nas Cortes do Estado Español. Galiza, como povo, non pode estar ausente, por máis tempo, dunha institución na que é crucial a defensa dos nosos intereses colectivos como nación, e a contribución, desde a nosa óptica, á reforma do modelo de Estado. O povo galego ten adquirido un nivel de conciencia que vai facer realidade unha arela, unha esperanza: a de ter voz de seu e aparecer, coa súa problemática, en todas as plataformas nas que se debatan temas e alternativas que condicionan a nosa existencia. Non máis silencios cómplices, non máis facturas a conta dos nosos intereses e dereitos básicos. Sabemos ben o custe que está a ter o feito de que, até agora, non tivesemos esta representación específica de Galiza nas Cortes do Estado. Ninguén vai falar por nós, se non o facemos nós mesmos. Velai un obxectivo fundamental deste proceso electoral na Galiza para todas as persoas e colectivos que teñen conciencia clara do que nos estamos a xogar como povo. O nacionalismo galego (BNG) é unha realidade contundente e esperanzadora dentro do país; fagamo-lo visíbel fóra, como complemento e necesidade dun traballo político que persegue cambiar a situación económica de Galiza e relacionar-nos en pé de igualdade, con dignidade, e en mútuo beneficio con outros povos.

Son tres, pois, as liñas de actuación mestras que orientarán o traballo do grupo parlamentario galego nas Cortes do Estado: a) reivindicar o dereito de Galiza a producir en sectores básicos da nosa economía fronte ás políticas de empobrecimento e subsidio, e ao seu desenvolvemento harmónico como realidade diferenciada; b) orientar a evolución do Estado Español cara a estruturas máis democráticas, en todos os ámbitos, e nomeadamente, canto a recoñecer de dereito e de facto o seu carácter plurinacional; c) impulsar, na política europea, e mundial, o desenvolvemento harmonioso, a cooperación e a igualdade entre os povos.

O noso servizo exclusivo aos intereses de Galiza, da imesa maioría do noso povo, é a mellor garantía de que o voto ao BNG é o máis útil que se pode depositar nas urnas o día 3 de Marzo.



## LIÑAS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS DO B.N.G.

O Grupo Parlamentar do BNG (Bloque Nacionalista Galego) nas Cortes do Estado orientará as súas iniciativas e posicionamentos cara á consecución dos seguintes obxectivos nos distintos aspectos da política, até agora competencia do Estado, que a continuación se enumeran:

### Política Económica

- 1.- Transferencia ao sector público galego dos activos empresariais hoxe en mans de organismos públicos estatais. En todo caso, impedirá-se calquer tipo de reestruturación que implique a merma da súa capacidade produtiva ou a redución do nivel de emprego. Asimesmo, esixirá-se o reinvestimento na Galiza dos beneficios das empresas públicas estatais radicadas no noso país, nomeadamente das que realizan actividades extractivas e de produción de enerxía.
- 2.- Abaratamento das tarifas do consumo de enerxía eléctrica para as empresas radicadas en Galiza, especialmente as explotacións agrarias, industrias derivadas da pesca e empresas manufactureras intensivas en traballo.
- 3.- Defensa dos recursos mineiros de Galiza e reforma da lexislación e marco xurídico relativos á concesión da súa extracción e destino do seu aproveitamento e transformación industrial.
- 4.- Reforma do marco estatal da definición de concas e confederacións hidrográficas e da política de recursos hidráulicos no que atinxe a Galiza, a efectos de tirarmos proveito das vantaxes comparativas do noso país.
- 5.- Oposición ao sistema de cuotas e demanda á Administración competente da aplicación da cláusula de salvagarda para frear as importacións procedentes dos países comunitarios que poñan en perigo a pervivencia do sector lácteo galego.
- 6.- Dado o peso específico que tanto a nivel estatal como comunitario ten a frota pesqueira galega e o seu volume de actividade, artellarán-se os vieiros necesarios para que este sector galego estexa presente nos foros comunitarios que decidan sobre as directrices pesqueiras. Cando menos deberá intervir-se nos acordos pesqueiros que a UE negocie con terceiros países e en todo o proceso de renegociación das liñas en que se asenta a Política Común de Pesca. Revisión definitiva dos diferentes censos pesqueiros.

- 7.- Transferencia á Comunidade Autónoma de Galiza dos portos galegos declarados de interese xeral do Estado (A Coruña, Vigo, Marin, Vilagarcía, Ferrol e San Cibrao).
- 8.- Defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galiza sobre as 12 millas do seu litoral (mar territorial).
- 9.- Na política de comercialización de produtos pesqueiros, marisqueiros e de cultivos mariños aplicaráselle os mesmos controis e lexislación para os importados e para os do propio Estado Español (nomeadamente Galiza).

### Política Financeira

- 1.- Plantexar a reforma inmediata dos termos actuais do financiamento da nosa Comunidade autónoma, tendo en conta na revisión os seguintes criterios mínimos:
  - a) Incorporación de novos indicadores para a distribución territorial dos fondos públicos do Estado entre as diferentes Comunidades Autónomas, ponderando favorablemente para Galiza:
    - 1.- O déficit existente de equipamentos e servizos mínimos.
    - 2.- O nivel relativo de renda por habitante.
    - 3.- A dispersión do habitat galego.



b) Revisión das condicións dos tributos cedidos a Galiza, na actualidade insuficientes e sesgados cara a figuras tributarias de menor capacidade arrecadadora de recursos financeiros. A este respecto, recabará-se como mínimo a cesión da fase minorista do IVA.

c) Revisión do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), dotando-o de operatividade para compensar as secuelas de condición periférica da economía e sociedades galegas.

2.- Política de regulación do mercado de capitais e de fluxos financeiros que propicie a reabsorción e investimento produtivo no ámbito da CAG do aforro interno galego, que actualmente resulta extravertido através da rede de intermediários financeiros.

## Servizos Públicos

### Sanidade e Educación

1.- Defensa do carácter público e universal da asistencia sanitaria como conquista irrenunciábel, coa inclusión de novas prestacións naqueles aspectos deficientemente cubertos na actualidade. A ampliación da Lei de interrupción voluntaria do embarazo, e a garantía da asistencia neste terreo da rede pública.

2.- Defensa dun novo modelo de financiamento da Sanidade Pública Galega que teña en conta: a porcentaxe de poboación asistida, a dispersión xeográfica e o envellecimento poboacional. Reclamación, asimismo, da débeda histórica que en materia de sanidade ten contraído o Goberno do Estado con Galiza.

3.- Defensa do Ensino Público. Derogación da Lei de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes polo seu carácter anti-democrático e por invadir competencia das Comunidades Autónomas.

4.- Transferencia da UNED e integración no Sistema Universitario Galego.

5.- Transferencia de todos os centros de investigación mariña con sede en



Galiza e realización de estudos no noso litoral para favorecer a nosa riqueza pesqueira e marisqueira.

## Transportes e Comunicacións

1.- Demandar a inclusión de Galiza no moderno sistema de comunicacións, na procura da conexión rápida do noso país co Estado, con Portugal e co resto de Europa, tanto por estradas e camiños de ferro, como por mar e transporte aéreo. Neste sentido, as nosas demandas concretan-se nos seguintes obxectivos fundamentais:

a) Acelerar a construción das autovías de conexión coa Meseta.

b) Construción de vías rápidas de enlace con Portugal nas fronteiras de Tui e de Verín.

c) Inclusión de Galiza nos plans de modernización ferroviaria coa modificación do PDI na dirección de asumir o plano ferroviario para Galiza aprobado polo Parlamento Galego en Decembro de 1995. Reivindicación da competencia plena da nosa Comunidade no transporte que baixo esta modalidade se realice no interior do noso país.

d) Prévía a transferencia a Galiza dos portos de interese xeral, impulsará-se unha dotación adecuada dos grandes portos galegos, de maneira que se aproveite o potencial loxístico dos mesmos, situados no corredor máis importante do tránsito marítimo internacional. Asemade, as actuacións das Autoridades Portuarias, en materia de construcións e medio ambiente, estarán submetidas á autorización, vixilancia e control da Xunta de Galiza.

2.- Exixir unha regulación do tránsito marítimo nas augas territoriais en amparo da frota de pesca costeira, con alonxamento do tránsito de grande porte e do transporte de mercadorías perigosas. A este respecto demandará-se o establecemento da rede e dotación dos medios acidos de vixilancia do tránsito, seguridade nas augas e na costa, salvamento e auxilio necesarios.

## Ecoloxía

Transferencia a Galiza de todas as competencias en materia medioambiental, coa elaboración dunha normativa xeral conducente á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Eliminación da contaminación dos mares e das augas continentais.





- b) Tratamento de residuos urbanos e industriais.
- c) Prohibición de actividades xeradoras dunha contaminación insolúbel.
- d) Asunción, por parte do Estado Español, como responsábel subsidiario da catástrofe do Mar Exeo, do pago das cantidades reclamadas polos sectores produtivos galegos afectados. Contribución económica para a recuperación da riqueza piscícola e marisqueira.
- e) Estabelecimento dun servizo metereolóxico propio e axeitado a Galiza, por mor especialmente das características e perigosidades das costas galegas.

## Meios de Comunicación

- 1.- Os meios de comunicación (TV, Rádio e Prensa) deben cumprir unha función social de servizo á cidadanía: informar, formar e proporcionar lecer. Rexerán-se por criterios de obxectividade, utilidade e calidade. Radio Televisión Española utilizará consecuentemente nas diferentes nacións as linguas destas nas programacións a elas reservadas, que deben constituir parte fundamental do conxunto.
- 2.- Un corpo lexislativo protexerá o dereito á información obxectiva e veraz. En cuestións de interpretación, de opinión ou de diversidade ideolóxica garantirá-se o dereito á réplica áxil e equitativa. Os meios de comunicación deberán contar con Consellos de Redacción, democraticamente constituídos, garantes da independencia dos xornalistas fronte ás empresas e do dereito dos cidadáns a seren informados con rigor e liberdade.
- 3.- Non se permitirá a utilización da publicidade nos meios con recursos a contidos ou imaxes que degraden a persoa ou o meio natural, nen que consagre ou promova a desigualdade entre persoas, sexos ou colectividade.

## Política Laboral e Sindical

- 1.- Eliminación do actual sistema de contratación temporal.
- 2.- Garantía dun subsidio digno de desemprego para todas aquelas persoas en paro que non teñan dereito a outro tipo de prestacións económicas por desemprego.
- 3.- Mellora do poder adquisitivo dos salários e das condicións de traballo, con implantación de medidas rigorosas de seguridade e hixiene en todas as empresas.



- 4.- Utilización do sector público da economía para a creación de emprego que reduza de forma drástica o paro existente.
- 5.- Defensa dunha lei de folga non restritiva.
- 6.- Medidas que eliminen de facto a discriminación da muller para o acceso aos postos de traballo, así como a discriminación salarial.
- 7.- Política de mellora das prestacións sociais e proceso de elevación significativa e continuada dos seus valores. Oposición a todo intento de recorte das pensións.
- 8.- Dereito á presenza do sindicalismo galego en todas as estruturas de representación estatal. Defensa dun Marco Galego de Relacións Laborais.

## Direitos Cívicos

- 1.- Impulsará-se toda reforma legal nunha dirección democrática, progresista e humanitaria, especialmente no tendente a:
  - a) A tipificación e o rigor punitivo na persecución dos delitos de narcotráfico.
  - b) Democratización do aparato do Estado e submetimento ás normas dun Estado de Dereito, tanto no nivel propriamente administrativo como no xudicial, policial e militar.
  - c) Transferencia do sistema penitenciario ás distintas nacións do Estado, recoñecendo o dereito dos presos a cumpriren as penas no seu país, así como a excarceración, coas debidas alternativas de servizos sociais, dos presos en fase terminal. Actuación urxente para a transformación deste servizo, de forma que sirva á rehabilitación e integración social dos reclusos e non para a súa represión e marxinação.
- 4.- Eliminación da obrigatoriedade do servizo militar. Garantías de respecto aos dereitos fundamentais das persoas nos cuarteis. Despenalización da insumisión.
- 5.- Derogación da Lei de Extranxeiría e instauración dun novo marco legal





que permita a convivencia en pé de igualdade á comunidade inmigrante no Estado Español.

## Reformulación da estrutura política do Estado Español

A defensa axeitada dos intereses de Galiza que conlevan as devanditas liñas de actuación e obxectivos implican, como vimos, cambios na estrutura xurídico-política do Estado, definindo un novo modelo competencial para as nacións que o compoñen. É fundamental para podermos tomar decisións vitais en materias tan importantes como a política económica e financeira, os recursos naturais, os transportes, o idioma, a cultura... Por iso, no nivel institucional do Estado, actuaremos na dirección de:

- 1.- Impulsar a reforma da Constitución Española no sentido de posibilitar a estruturación dun Estado plurinacional, o que conleva a superación do actual marco autonómico e o recoñecemento do dereito de autodeterminación das nacións que o compoñen.
- 2.- Recoñecemento dos mesmos dereitos para as catro linguas das nacións que compoñen o Estado español. Ademais, a efectos legais, terán plena validez fóra da respectiva "comunidade autónoma" os textos redactados en calquera lingua nacional. Obrigatoriedade do coñecemento da respectiva lingua nacional por parte dos funcionarios da Administración

periférica do Estado. Os topónimos con valor oficial en todo o Estado serán os propios da lingua de cada ámbito territorial.

- 3.- Conversión do Senado nunha cámara de representación das nacións do Estado, con participación paritaria de cada unha delas con dereito de veto para leis que lesionen gravemente os seus intereses.
- 4.- Eliminación da estrutura administrativa implantada na Galiza polo Estado centralista: división provincial, Governos Civís, Deputacións e Delegacións ministeriais.
- 5.- Fronte á posición que defende unha administración única, sen cuestionar a distribución e o titular das competencias, propugnamos o traspaso destas a cada nación, nomeadamente a Galiza.
- 6.- Circunscrición electoral única para Galiza.
- 7.- Calquera reforma do sistema electoral debe estar asentada nos principios inalienábeis de proporcionalidade, adecuación ao ámbito territorial das nacións que compoñen o Estado, igualdade de oportunidades para todas as candidaturas e participación activa do cidadán para poder emitir o voto responsabelmente.
- 8.- Impulsar unha política de paz, igualdade, anti-militarismo e anti-imperialismo a nivel internacional.

No tocante ás forzas armadas:

- Elaboración dunha lei de programación e equipamento militar, que teña en conta os intereses sociais. Derogación ou modificación da Lei de Infraestruturas de Defensa, no canto de posibilitar a transferencia gratuita de todas as construcións de valor histórico-artístico, desafectadas militarmente, ás respectivas Comunidades Autónomas.
- Oposición á participación do Estado Español en calquera proceso de transformación da UE nunha potencia militar, especialmente através da UEO.
- Non participación do Estado Español en proxectos de integración en forzas multiestatais de intervencionismo represivo contra a soberanía dos povos.
- A participación militar do Estado Español no cadro dos sistemas de seguridade colectiva (ONU) deberá facer-se con rigoroso respecto do dereito internacional e dos povos.



## A posición a respecto da U.E.

Os acordos asinados na cidade de Maástricht polos xefes de Estado e de Goberno dos estados membros da CE (Comunidade Europea), significan un salto máis, na dirección traxexa da polas Comunidades Europeas, para lograr unha denominada Unión Europea. As bases desta Unión son o establecemento dunha Unión Económica e Monetaria, concretada, a curto prazo, nunha moeda única e nun Banco Central Europeu, que dita a política monetaria comun. Contempla tamén unha política externa e de seguridade comun e mesmo a institución dunha cidadanía europea. O Executivo, con sede en Bruxelas, será un consello que gobernará sen contar con nengun tipo de control parlamentar, seguindo propostas da Comisión. No Consello están representados os Estados membros. As decisións serán por maioría, non existe dereito de veto.

Está claro que é unha alternativa económica deseñada desde arriba. Os grandes, é dicir, os capitais transnacionais europeos, estenden os seus tentáculos, cortan o bacallau ao seu gosto e o Tratado da Unión abenzoa os seus intereses. A Unión Económica e Monetaria dentro da CE impón unha política monetaria ao servizo do grande capital financeiro. Cria-se un Sistema Monetario Europeu, sistema no que só poderán entrar os Estados máis fortes que reúnan unha serie de requisitos. Impoñen-se uniformidades formais e nominais a todos pero desentenden-se das diverxencias sociais e económicas reais que se van agravar. Pagaremos a maioría e cobrará unha minoría o enorme custo dunha efectiva diverxencia real entre as diferentes economías que compoñen o espazo conxunto da UE. Os que andan no choio non ocultan que se está a deseñar un proceso de unión económica europea en dúas ou tres velocidades. Isto é, a maioría dos Estados non entrarían neste clube selecto do Sistema Europeu de Bancos Centrais nen en 1997 nen en 1999, ficando fora de participación na elaboración da política monetaria única da UE, pero submetidos ás súas consecuencias. O mandarinato é o eixo franco-alemán.

A situación económica crítica do Estado Español é hoxe patente. O Tratado agrava as diverxencias entre as economías do "centro" e da "periferia" da UE. Galiza forma parte da periferia. Con Maástricht é aínda máis forte a masa económica do centro, pero a distancia institucional acurta-se. A forza centrípeta reduplica-se. Aplicar-lles ás economías periféricas unha política monetarista supón condená-las a perderen posición no conxunto, ao estancamento ou á regresión. A economía galega está sendo, desde hai tempo, submetida a unha brutal simplificación e desertización. Son os intereses da UE, que apartir de



Maástricht, son declaradamente enunciados e defendidos. Queren privar-nos de desenvolvemento económico para favorecer os intereses dun "centro voraz". As deprimidas Comunidades autónomas non terán nengunha participación activa nen directa. Non teñen nengunha capacidade decisoria. Non cabe dúbida. A Europa de Maástricht é a dos grandes capitalistas e executivos correspondentes a cada un dos Estados membros da Comunidade Europea. Nen os povos, nen os individuos, nen os Parlamentos pintan nada. A política salarial e laboral, a fiscal, a de rendas, non son converxentes. Os privilexiados tiran proveito das disparidades interestatais nestas materias. Proletarios, campesiños, comerciantes, pequena e mediana empresa van sufrir os custos sociais de Maástricht, especialmente nas economías periféricas como a galega. É unha política anti-social.

Non hai política social comunitaria nengunha. Pero iso si, crea-se o aparello represivo indispensable, a Europol e o aparello de Xustiza penal comun. Reforzan-se as estruturas militares da OTAN e da UEO. É a Europa dos Estados, aínda enriba xerarquizados, contraria ás nacións e aos seus povos, negadora do dereito de autodeterminación e hostil co pluralismo lingüístico.

Desa unión expoliadora e selvaxe xa estamos padecendo un avance das súas consecuencias económicas. Hai sectores amplos da cidadanía nos Estados da CE que ven enormes perigos para a democracia, os dereitos dos traballadores e dos individuos, a identidade nacional, e os sectores básicos da súa economía, no Tratado de Maástricht. Non hai que deixar-se amedorrar co terror catastrofista que os burócratas de Bruxelas e todos os políticos ao servizo das transnacionais espallan para paralisaren a oposición e o sentido comun dos povos europeos que defenden xustos intereses. O povo galego, ben experimentado polas consecuencias desastrosas da adhesión á CEE, pode falar por propia experiencia dun proceso destrutivo que Maástricht intenta consumir.

O BNG, consecuentemente, non considera a Europa de Maástricht a deseñábel nen a coherente e xustamente posíbel.

A revisión do Tratado da Unión Europea e as conferencias intergovernamentais de 1996 é un contexto que debe estar especialmente caracterizado por actividades do nacionalismo galego orientadas a impulsar a renego-





ciación do Tratado de Adesión á Comunidade Económica Europea naqueles aspectos máis lesivos para os intereses económicos de Galiza. A este respecto terán-se en conta os seguintes criterios mínimos:

- a) Participación da nosa Comunidade Autónoma na negociación e conclusión de acordos económicos internacionais que atinxan ao comercio externo e ao aparello produtivo galego.
- b) Revisión dos contidos e condicións dos acordos pesqueiros, tanto no que se refere á pesca nos caladoiros da UE, canto ás negociacións con terceiros países, comercio internacional de produtos pesqueiros en compañías mixtas con capital, barcos e dotacións galegas e doutros países comunitarios.
- c) Modificación da PAC (Política Agraria Comunitaria), suprimindo o sistema de cuotas que impede o desenvolvemento da produción gandeira galega.
- d) Revisión do Tratado da U.E. de Maástricht para posibilitar e potenciar o desenvolvemento autocentrado da economía galega, deseñar unha política laboral e social progresista, recoñecer e dotar de representación participativa e decisoria aos povos e nacións sen Estado do continente, e vertebrar as institucións europeas conforme a criterios e sobre principios efectivamente democráticos.

A Europa que defende o BNG debe caracterizar-se por dous eixos básicos:

- a) unha política de cooperación e igualdade entre os povos e Estados, co seu desenvolvemento harmonioso.
- b) a participación democrática, libre e paritaria, en todas as estruturas comunitarias, dos distintos povos e nacións, co recoñecemento do dereito de veto en cuestións de vital importancia.